



ILLA DE AROUSA

Por: Manuel Chazo

Hai numerosos testemuños de que a Illa foi habitada dende os primeiros tempos do Paleolítico e da Idade do Bronce. Na praia dos Bufos localizouse unha necrópole romana.

Sufriu a invasión de Normandos e Sarracenos. No 912 pasou, a metade da Illa, a pertencer ó Mosteiro

primeira estaba na Illa de Sálvora onde a instalou Jerónimo de Hijosa no 1770.

Dende mediados do século pasado, o máis fermoso era observar, cando se abría a veda do marisco, a pesca da ameixa babosa dende as paredes do Vao ata as de Carballo e Bois.

Dende a punta do Vao de Arousa, extremo oriental desta Illa, avanza, formando un arco de convexidad pronunciada cara ao sur, unha estreita lingua de area pola que, na actualidade, pasa unha ponte. Esta lingua de area, que na baixamar queda en seco e cuxo extremo está a 600 m. e a 115° da punta Sartaxa ou, Rebandeira Grande, cubríase de dornas, botes e chalanas traballando ao rastro da ameixa.

O mesmo ocorría polo sur da lingua de area, na costa de San Miguel. Alí, case todas eran chalanas, unha mestura de embarcións cun chapotear continuo ó tirar o rastro con vara longa ó mar. Traían, nos copos do rastro, unha boa cantidade de ameixa; logo, para a venda, medíase por cacharro, medio cacharro e caixas de ameixa.

A Illa de Arousa foi testemuña das singraduras de moitos galeóns que viñan de recalada, despois de dedicarse á pesca da sardina, cara a Vilanova de Arousa.

Beneditino de San Martín Pinario de Compostela, baixo a doazón do Bispo Sisnando tal como consta en documentos de dito mosteiro.

No ano 929 o rei Alfonso IV o Monxe de León, fundou na Illa un cenobio baixo a adoración do mártir San Julián.

A invasión da Illa no século XII polos musulmáns fai que Gelmirez ordee a construción de naves para a defensa da costa, converténdose a Illa en punto de encontro para repeler ó invasor.

O autor Labrada, a principios do século XIX, di: *“que las gentes de la isla de Aroza, se ejercitan con gran maestría en la pesca del congrio y pulpo, hasta un total de capturas de 800 quintales”*.

A partir de 1845 desenrolouse a industria do salgazón e pesca da sardina, da que eran testemuñas as sete fábricas salgazoneiras. Así a fábrica de salgazón “Goday” inaugúrase en 1879, sendo a segunda que se implantou en Galicia; a

